

II XORNADA SOBRE VARIACIÓN E CAMBIO LINGÜÍSTICO

9 de outubro

Salón de graos da Facultade de Filoloxía

A CONCIENCIA DOS FALANTES SOBRE O CAMBIO LINGÜÍSTICO: UNHA PRIMEIRA APROXIMACIÓN

ANA MARÍA IGLESIAS ÁLVAREZ (UNIVERSIDADE DE VIGO)

Cada falante dispón dun repertorio lingüístico, que inclúe non só variedades dunha mesma lingua, senón tamén linguas diferentes, de xeito que cada acto comunicativo supón toda unha serie de toma de decisións, máis ou menos conscientes, que van conformando a nosa fala. Polo tanto, entendemos que cada un dos actos de fala é resultado do contacto lingüístico e á súa vez partícipe del, con todos os fenómenos que isto implica e que se levan estudando xa desde mediados do século pasado: préstamos, interferencias, alternancia e mestura de códigos, etc.

O obxectivo da nosa investigación radica precisamente en profundar no nivel de conciencia lingüística dos falantes, así como na súa valoración sobre a súa propia maneira de falar e en que medida esta coincide coas súas prácticas lingüísticas. Con esta finalidade, recollemos por unha parte a produción oral dos falantes, a través de autogravacións. En concreto, centrarémonos en catro suxeitos, estudantes universitarios, que foron ademais entrevistados de forma individual. A través das entrevistas, accedemos por unha parte á súa traxectoria sociolingüística e, por outra, á súa conciencia sobre o seu propio xeito de falar, mediante preguntas de tipo metalingüístico. A produción de datos complétase mediante un grupo de discusión.

Poñeremos o foco especialmente en todas as cuestións relacionadas co contacto de linguas, sobre todo nas interrelacións entre galego e castelán, as dúas linguas cooficiais, e mais o inglés. As nosas hipóteses de partida son que os falantes amosan máis conciencia do nivel léxico e fónico ca do gramatical e que na súa valoración das influencias lingüísticas incide o prestixio social de cada unha das linguas implicadas.